

## AULAS EN GALEGO. UN VALOR EDUCATIVO

**VILARIÑO FREIRE, Manuel**  
*CGENDL*

**ARXIBAI QUEIRUGA, Cibrán**  
*Profes co Galego*

### INTRODUCCIÓN

Neste resumo trázanse os motivos de carácter pedagóxico que sustentan a decisión dunha grande parte do profesorado de escoller dar as súas aulas en galego, partindo dos principios e valores básicos como a igualdade, convivencia, responsabilidade e civismo e que fan que o actual decreto do “plurilingüismo” constitúa un verdadeiro obstáculo educativo.

### EDUCACIÓN E IGUALDADE

Os estudos máis importantes en materia sociolingüística elaborados sobre o galego (MSG 1992-2004 e IGE 2003-2008) poñen de manifesto un desprazamento de 10 puntos entre os falantes habituais de galego e os falantes monolingües en castelán entre 1992-2008 e unha tendencia decrecente do galego como lingua inicial cunha taxa do 50% de perda entre os individuos de maior idade e os máis novos. A non transmisión xeracional da lingua é o mellor indicador da desigualdade na que se encontra. Existen actitudes sociais favorecedoras do castelán fronte ao galego e que sitúa á lingua propia nunha posición de invalidez para os ámbitos de maior prestixio social. A moi reducida presenza do galego nos ámbitos da xustiza, sanidade, finanzas, igrexa e, sobre todo, nos medios de comunicación evidencian que o galego e por tanto, os seus usuarios e usuarias, parten na actualidade dunha situación de clara desvantaxe.

O ensino participa na loita do estado social contra as desigualdades cun protagonismo esencial. Correspóndelle crear un marco común integrador da cidadanía que permita compensar as desigualdades coas que o alumnado chega a el. O deseño deste marco educativo corrector debe procurar a igualdade material a partir da igualdade formal xa garantida e das desigualdades reais que o motivan. Trátase de “desenvolver accións de carácter compensatorio en relación coas persoas, grupos e ámbitos territoriais que se encontren en situacións desfavorábeis” (LOE art. 80). Debe ser un marco que garante a equidade nun tratamento igual para os iguais e desigual para os desiguais.

Para ilustrar como deben ser estas accións podemos servirmos dunha metáfora aplicada tamén ao ensino por Jean Jacques Rousseau: Se un anano e un xigante van polo mesmo camiño cada paso que adianten un e outro dará maior vantaxe ao xigante. Doutra maneira, as actuacións non só deberán ir dirixidas a situalas no mesmo punto de partida se non que deberán preocuparse tamén de compensar os medios dos que cada un dispón. As administracións non poderán igualar o seu número de falantes pero si poñer en igualdade real os dereitos dos individuos que fan uso delas no territorio galego.

## EDUCACIÓN E LIBERDADE

O obxectivo que se debe fixar o sistema educativo nun contexto de cooficialidade como o de Galiza, non pode ser outro que o alumnado acadе unha capacitación lingüística en igualdade nas dúas linguas oficiais (LOE 2.j e STC 337/94). Se un rapaz, ao final da etapa obrigatoria, se amosar incapaz de comunicarse nunha das dúas linguas deberase entender que o sistema fracasou nese obxectivo, e que ao alumno en cuestión corre o risco de non poder elixir en liberdade que lingua oficial utilizar por ser só competente nunha delas. E a realidade é que dispoñemos de datos que proban que este fracaso é un feito consumado (un 20% de rapazas e rapaces decláranse incapaces de falar en galego).

A eiva na liberdade individual que atinxe a un grupo tan amplo da cidadanía galega (a situación das persoas nadas durante o franquismo é aínda peor) pode provocar como consecuencia deixar varado ao galego nun estado de subordinación: calquera decisión colectiva que procure a posta en valor da lingua galega poderá ser interpretada como unha ameaza ás súas oportunidades de progreso social, económico e laboral.

## A IDONEIDADE DUN ENSINO ESENCIALMENTE EN GALEGO

Un feito xeralmente constatado polos expertos sociolingüistas é que os estudantes instruídos nunha lingua minorizada avanzarán significativamente máis na hexemónica tanto nas destrezas escritas cuanto nas orais. Os estudos sobre competencias lingüísticas (ICE 2010) certifican que a aprendizaxe do galego non interfere negativamente no castelá, máis ben ao contrario. Os datos na selectividade, informe Pisa, e a lexislación internacional (CELRM) avalan esta teoría.

## O DECRETO 79/2010

O Decreto denominado “para o Plurilingüismo” entra nunha evidente contradición cos principios de igualdade e liberdade aquí mencionados:

- Incumpre explicitamente a garantía de equidade, por tratar de maneira igual dúas realidades que son claramente desiguais.
- Impide ao profesorado de determinadas materias promover o uso do galego e situalo en ámbitos de prestixio social nos que estivo historicamente proscrito.
- Promove a instalación monolingüe do alumnado en castelán ao eliminar a presenza do galego de determinadas aulas, espazos que para moitos e moitas estudantes son os únicos que teñen para se desenvolveren en lingua galega.
- Entende a igualdade como medio co obxecto de a obter como fin, nunha formulación extravagante que provocou o rexeitamento de toda a comunidade educativa.
- Atenta contra a autoridade do profesorado ao excluílo de dereitos dos que si fornece ao alumnado.
- Considera libres aqueles estudantes que deciden non expresarse nunca ou case nunca en galego, sen reparar en que ao final da etapa obrigatoria só se desenvolverán en castelán, non como un exercicio de liberdade, se non porque non lles ha quedar máis remedio que facelo así.

Como mostramos neste escrito, o tratamento das competencias lingüísticas continúa a supoñer unha eiva no noso sistema educativo ao non garantir o acceso a estas en igualdade. A situación aquí reflectida non será superada mentres normas como esta sigan obstaculizando os procesos elementais de aprendizaxe do noso alumnado.